

P2102010

DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL E FAMILIAR

Coñecer para acompañar






CFR

PONTEVEDRA

centro de
formación e recursos

Ti que ves?



Etiqueta-Concepto


- **IDENTIFICACIÓN:** Coñecer o mundo que nos rodea
- **MEDIO DE COMUNICACIÓN:** Comunicarnos e trasladar coñecemento
- **CLASIFICACIÓN:** Clasificar o mundo que nos rodea
- **ORGANIZACIÓN:** Organizar o mundo que nos rodea
- **RAE:** 5. f. Calificación estereotipada y simplificadora.
- **RAG:** 3. Palabra ou conxunto de palabras que, nos sistemas de información, se lle asignan a un dato ou a un ficheiro coa finalidade de describilo.

As etiquetas

- O que non ten etiqueta non existe
- O que non ten etiqueta non se ve
- O que non ten etiqueta non se entende
- O que non ten etiqueta “incomoda”

A linguaxe:

- É todo o noso mundo cultural e institucional
- Non é inocente



**O QUE NON SE NOMEA NON EXISTE E O QUE SE NOME
CONSTRÚE REALIDADES**


As etiquetas

- **NOVA DE ÚLTIMA HORA!**

Novidades do dicionario da RAE

Do ámbito da sexualidade e da identidade de xénero entran no DLE termos:

- Transgénero
- Cisgénero
- Poliamor
- Pansexual



Necesidade de etiquetas?

- **AO LONGO DA VIDA BUSCAMOS ETIQUETARNOS EN MOITOS ÁMBITOS DA NOSA VIDA:**

- ESTILO
- ALIMENTACIÓN
- DEPORTE
- IDENTIDADE
- ORIENTACIÓN
- RELACIÓNS

AS ETIQUETAS ACOMPÁÑANNOS EN

CUESTIÓNS COMO:

- QUEN SON
- COMO ME DEFINO



Sen dúbida a mellor maneira de averiguar quen é un mesmo é preguntarlle ao Silencio. Iso di a mamá de Lucas. Así que para atopar unha resposta a ese gran interrogante, Lucas terá que atopar o Silencio e conseguir escoitar a súa voz, e iso non é nada doado!

E se non hai etiquetas?

OU AS ETIQUETAS NON RECOLLEN TODA A DIVERSIDADE

- **Fan que encaixemos nelas:**

Obrígannos nas institucións: administrativas, sanitarias, xurídicas, deportivas,...

- **Tentamos encaixar nelas:**

Obrigámonos a...

- **Pensamos/pensan que temos un problema por non atopar a etiqueta:**

Sufrimos por...

Encuesta Para un Salón de Eventos

Nombre y Apellido: - _____
Edad: - _____
Sexo: - _____

1. ¿Dónde realiza Ud. Su compromiso?
a) En casa b) En salón de evento c) Otros
2. ¿Alguna vez te has alquilado un salón de evento?
a) Si b) No
3. ¿Le gustaría realizar sus cumpleaños, matrimonio, etc. En un salón de evento?
a) Si b) No c) Aceves
4. ¿Preferirás un salón de evento cerca a tu casa?
a) Si b) No c) A veces
5. ¿En caso de realizar tu compromiso a quienes invitarías?
a) Familia b) Amigos c) Familia y amigos d) Otros





En Materia (El País-2012):

<http://esmateria.com/2012/08/09/los-juegos-ponen-en-duda-la-sexualidad-de-las-atletas/>

La Vanguardia (2019):

<https://www.lavanguardia.com/deportes/20190512/462183982062/semeyna-que-es-atleta-hombre-mujer.html>



Irina: <https://www.youtube.com/watch?v=n1NZLk2gUTg>

Intersexuais: <https://www.youtube.com/watch?v=nbyjfBJP-1s>

O que ten implicacións...

- **A nivel persoal:** Construción e desenvolvemento persoal
- **A nivel relacional:** Familia, amizades, parella
- **A nivel legal:** Hai unhas etiquetas obrigadas, dereitos
- **A nivel profesional:** Non ter en conta esa realidade
- **A nivel político:** Se non existen non se crean políticas, non se legisla, etc.

MOTIVOS DE CONSULTA

LIGADOS ÁS IMPLICACIÓNS

- **ETIQUETARSE:** impuxéronme unha etiqueta, síntome obrigad@ a poñerme unha etiqueta (presión interna), obríganme a etiquetarme (presión externa)
- **ESTIGMA** (desaprobación) **POLA ETIQUETA**
- **AGRESIÓNS POLA ETIQUETA** (ou pola non etiqueta)
- **AGRESIÓNS SEN ETIQUETA** (violencia intraxénero)
- **NON HAI INFORMACIÓN PARA MIN:** Non hai referentes, non hai servizos, non se contempla

Etiquetas...libres de prexuízos

- Libro: Los nombres de las cosas: “Pero los **nombres de las cosas**, que aparentemente son lo más estable que tenemos, resultan arbitrarios e insuficientes e cuanto empiezan a cuestionarse”. Insuficientes pola diversidade existente e cuestionables porque pode contener prexuízos.
- Difícil concebir o mundo sen ou fóra das etiquetas xa coñecidas.
“Complejo” adaptarse ás novas palabras (porque a realidade xa existía), e a clasificación do mundo. E se se nos “clasificase” polo peso que tivemos ao nacer? Ou pola cor dos ollos? E a cada clasificación se lle asignase unhas cualidades diferentes (facer pis sentado ou de pé, poñer ou non pantalóns, facer unha determianda carreira, xogar a un determinado xoguete,...)?
- Arxentina: Proxecto de lei que propón eliminar a categoría dos sexos dos documentos.
Ni varón ni mujer: a un paso de quitar el género en los documentos de identidad en Argentina. (El Diario)

https://www.eldiario.es/internacional/quitar-genero-documentos-identidad-Argentina_0_969753088.html



DESENVOLVEMENTO LEI 2/2014, DE 14 DE ABRIL, POLA IGUALDADE DE TRATO E A NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS EN GALICIA

TÍTULO II

POLÍTICAS PÚBLICAS PARA O FOMENTO E A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DA VISIBILIDADE E DA NON DISCRIMINACIÓN DO COLECTIVO LGTBI

CAPÍTULO V MEDIDAS NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN

Artigo 22. Inclusión da realidade LGBTI nos plans de estudos

Artigo 23. Actitudes

Artigo 24. Formación do persoal docente

Artigo 25. Divulgación da realidade LGBTI entre as ANPAS

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

A situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia unha análise desde o punto de vista do tecido asociativo (2015)

A SITUACIÓN
DAS PERSOAS LESBIANAS, GAYS,
TRANSEXUAIS, BISEXUAIS
E INTERSEXUAIS
en Galicia

unha análise
desde o punto de vista
do tecido asociativo



INFORME EXTRAORDINARIO 2015

1. Dificultades no entorno educativo

A. Formación do profesorado, do alumnado e das familias. (Aplicación da Lei 2014)


B. Acoso escolar: Bullying homofóbico

C. Menores transexuais no centro educativo (Protocolo)

Informe:

<https://www.valedordopobo.gal/wp-content/uploads/2016/05/informe-LGBTI-galego-valedor-1507210838.pdf>

Protocolo educativo para garantir a igualdade de xénero



Protocolo:

https://www.edu.xunta.gal/porta1/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno_1.pdf

NA AULA

- Procurar reflexar e atender toda a diversidade.

Onde:

- Exercícios
- Exemplos
- Selección de materiais
- Toma de decisións



designed by freepik




designed by freepik

NA AULA

- Non dar por feito
- Empregar vocabulario inclusivo e visibilizador
- Poñer en valor a diversidade
- Atender as situacións de conflito
- Coñecer os protocolos





Diversidade sexual:

<https://www.youtube.com/watch?v=1QbTZYiQ6BA&t=4s>

Resumindo ata o momento...

- As etiquetas: convite á reflexión
- A construción dunha identidade en sociedade
- Cando non atopo con que identificarme
- A aula, un espazo de socialización
- Claves para a aula



Por onde seguir?

- Actitudes para facer dos espazos educativos uns espazos seguros
- Linguaxe inclusiva na aula
- O papel integrador do profesorado
- Fórmulas para unha educación inclusiva

Actitude-Conducta-Inclusión



Real Academia Galega (RAG):

Actitude:

1. Disposición do ánimo ante unha situación ou un acto
2. Modo de actuar ou proceder

“Refírese á visión mental dunha persoa, con respecto á forma en que pensa ou sente acerca de alguén ou algo”



RAG:

Conducta: modo de conducirse ou comportarse

“Refírese ás accións, movementos, condutas ou funcións dun individuo ou grupo cara outras persoas”



RAG:

Inclusiva: que inclúe ou é capaz de incluír


Actitude-Conduta

Existe unha relación directa entre as actitudes e os comportamentos, por iso revisar as nosas actitudes axudará a que poidamos ofertar nos espazos educativos unha educación máis inclusiva, libre de situacións de discriminación e desigualdades.




Promoveremos actitudes e comportamentos INCLUSIVOS, que ninguén se senta excluído nos espazos educativos.


Isto é...




Inclusión



Exclusión



Separación



Integración

Espazos educativos libres de exclusión e separación, apostando pola inclusión máis que pola integración.

A “normalidade” da diversidade

A “normalidade é precaria, pasaxeira e mortal” (Karsz, 2007), pero certas orientacións e identidades de xénero gozan de maior lexitimidade en certo contexto social, cultural e/ou político e terminan construíndose como “normais”, mentres outras se estigmatizan.

A estigmatización é unha das principais vulnerabilidades das persoas LGBTI+: non polo mero feito de selo, senon por como son concebidas no contexto sociocultural e institucional no que se desenvolven, como por exemplo, o sistema educativo.

Espazos inclusivos

É importante reflexionar sobre o que cremos, sentimos e facemos para evitar que os nosos propios prexuízos afecten ao noso traballo.

As nosas actitudes e condutas quedan patentes nos diferentes ámbitos dos espazos educativos, e todos os ámbitos teñen que estar libres de discriminación. Temos que poñer atención en non desatender ningún deles.

Traballaremos hoxe sobre tres destes ámbitos:

- O espazo físico
- A linguaxe
- O trato

ESPAGO EDUCATIVO = ESPAGO SEGURO

Poñer en valor o espazo educativo como un espazo de **seguridade**.



RAG:

Seguridade: cualidade do que é *seguro*.



RAG:

Seguro:

1. Que non comporta riscos ou perigos.
2. Que merece toda a confianza, que non falla.

Promoveremos que os espazos educativos sexan espazos que non comporten perigos e que merezan toda a **confianza**.

ESPАЗO EDUCATIVO = ESPAZO SEGURO

O espazo educativo:

- ✓ Non comporte **perigos**: espazo para aprender, para construír, para convivir, é dicir, non considerar a escola un espazo perigoso
- ✓ Merece toda a **confianza**: profesionalidade e apoio

Así o temos que **concibir nós** e así o ten que **concibir ao alumando**.

Ofrecemos esa seguridade e esa confianza, entre outras cousas, a través das nosas **actitudes**.

ESPAZO EDUCATIVO = ESPAZO SEGURO

Poñer en valor o espazo educativo como un espazo **amable**.



RAG:

Amable: que amosa interese e afecto no trato.



Amable coa diversidade sexual:

Que amosa interese no trato das persoas, atendendo tamén á diversidade sexual, entendéndoa como unha realidade que se presenta na aula e que é necesario considerar para ofrecer unha educación que atenda ás súas necesidades.

ESPAZO EDUCATIVO = ESPAZO SEGURO

Actitude amable = Actitude inclusiva

Unha actitude amable coa diversidade sexual favorece actitudes inclusivas.

Que elementos ten unha **actitude inclusiva**?

- Apertura
- escoita
- Cuestionar o paradigma
- Respecto aos dereitos
- Non facer xuízos de valor

ESPAZO DE SAÚDE = ESPAZO AMABLE

Actitude amable = Actitude inclusiva

➤ **Apertura:** recoñecer a existencia da diversidade, recoñecer que podo non saber a identidade dunha persoa polo seu aspecto ou mesmo polo que figura na seu expediente, que podo non saber cal é a súa orientación sexual e, polo tanto, as posibles situacións nas que se pode atopar.



Se teño unha actitude de apertura terei a mente máis aberta a posibles situacións que se me plantexen, e non responderei a elas de forma discriminatoria.

ESPAZO EDUCATIVO = ESPAZO SEGURO

Actitude amable = Actitude inclusiva

➤ **Escoita:** atender ás peticións que nos formulan, escoitar antes de actuar. Ás veces queremos resolver con rapidez pola sobrecarga, por pensar que non é o noso ámbito, por medo a non saber, e non escoitamos con atención.



Parte da atención vai ser escoitar o que pode mesmo xurdir entre liñas, que por temor, medos, prexuizos, pode non dicirse de forma clara e concisa.

ESPAZO DE SAÚDE = ESPAZO AMABLE

Actitude amable = Actitude inclusiva

➤ **Cuestionar o paradigma:** recoñecer que non todas as persoas entran dentro do paradigma (coñecendo a anatomía dun corpo é posible deducir o xénero, a identidade e as prácticas sexuais da persoa, xa que aparecen como aspectos ligados entre si). Paradigma: cisheteronormativo.



TIP! É preciso cuestionalo para poder atender toda a diversidade existente coa mesma calidade e sen crear situacións discriminatorias (por defecto).

ESPAZO EDUCATIVO = ESPAZO SEGURO

Actitude amable = actitude inclusiva

- **Respecto dos dereitos:** respecto aos dereitos humanos.



Todas as persoas temos dereitos, e non por ter unha identidade ou unha orientación determinada eses dereitos son menos ou poden estar peor atendidos.

ESPАЗO EDUCATIVO = ESPAZO SEGURO

Actitude amable = Actitude inclusiva

➤ **Non facer xuízos de valor:** a nosa labor non é facer un xuízo de carácter apreciativo sobre a persoa que temos na aula.



Temos que diferenciar a valoración académica ou do expediente (valoración profesional) do xuízo de valor (análise baseada nun conxunto particular de crenzas, formas de vida e valores).


ESPAZO EDUCATIVO = ESPAZO SEGURO



Aulas **amables**

As nosas actitudes e condutas quedan patentes nos diferentes ámbitos dos espazos educativos, e todos os ámbitos teñen que estar libres de discriminación. Ámbitos que abordaremos:

- Espazo físico: simboloxía, carteis, avisos, materiais
- Linguaxe: amable e inclusiva



AULAS AMABLES

☑ Espazo físico

Os espazos educativos non son sempre amigables coa comunidade LGBTI+, a discriminación está viva e pode observarse nas propias paredes dos centros a través da simboloxía, os carteis e os avisos que aparecen.

1.- Podemos abertamente mandar mensaxes dende os espazos educativos do compromiso de inclusividade coa diversidade sexual.



AULAS AMABLES

☑ Espazo físico

2.- Podemos empregar (tanto nas paredes como nos carteis e avisos) imaxes inclusivas que non perpetúen estereotipos. Parellas diversas, familias diversas, etc.



AULAS AMABLES

Espazo físico

3.- Podemos empregar (nas paredes, nos carteis, avisos, roupa) símbolos que manifesten a nosa implicación coa educación ás persoas LGBTI+.



IT GETS BETTER ESPAÑA



AULAS AMABLES

☑ Espazo físico

4.- Podemos na biblioteca ter libros específicos sobre diversidade sexual e familiar.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/26114>



AULAS AMABLES

☑ Espazo físico

5.- Podemos promover a existencia de aseos “unisex”?

https://elpais.com/politica/2017/11/03/diario_de_espana/1509713689_697220.html



POR QUÉ LOS BAÑOS UNISEX
SE ESTÁN VOLVIENDO UN TEMA

Aunque nos parece muy normal que existan baños de **hombres** y de **mujeres**... ..esta **división** puede poner a varias personas en **situaciones** muy **incómodas**:

Mamás con hijos Papás con hijas Gente de la comunidad **LGBTQ** Padres con hijos que tengan alguna **discapacidad** Adultos con **padres mayores** que tengan alguna **discapacidad**

Los **baños unisex** no solo eliminan estas situaciones incómodas... ..también son más **inclusivos** y **equitativos** :)

Basado en el letrero del restaurante "Krogar" que explica a sus clientes por qué sus baños son unisex. [TWITTER.COM/PICTOLINE](https://twitter.com/pictoline)

BAÑOS UNISEX
Más inclusivos y eliminan situaciones incómodas

más en cuarazon.com

AULAS AMABLES

☑ Linguaxe

→ A linguaxe falada, escrita e visual está chea de patróns culturais que se trasladan dunha xeración a outra. Mediante ela transmitimos tamén prexuizos e actitudes sobre outras persoas.

→ A linguaxe que empregamos é unha das claves a ter en conta se queremos fomentar o respecto á diversidade nos espazos educativos.

Unha linguaxe inclusiva é unha linguaxe que **promociona o respecto** e que supón **recoñecer á outra persoa nun plano de igualdade**.



AULAS AMABLES

Termos que **NON** facilitan a aceptación da diversidade:



x “O normal/O raro”

x A dicotomía “bo-malo”

x Expresións como “deber de” ou “ter que”

Manteñen estereotipos, mitos e actitudes discriminatorias.



Comezar a empregar outras palabras abre a porta a unha **comunicación inclusiva** e **libre de mensaxes discriminatorias**:

✓ “Frecuente/Infrecuente/Diverso”

✓ “Saudable/Responsable”

✓ O recomendado (segundo criterios científicos, non persoais)

AULAS AMABLES

Linguaxe

PROPOSTA FAVORECE A DISCRIMINACIÓN	PROPOSTA AMABLE E INCLUSIVA
NORMAL/RARO/NATURAL	FRECUENTE/INFRECUENTE/DIVERSO
PREFERENCIA SEXUAL	ORIENTACIÓN SEXUAL OU DO DESEXO
CAMBIO DE SEXO	REASIGNACIÓN SEXUAL OU CONFIRMACIÓN DE XÉNERO
ESOSO/MARIDO/ESPOSA/MULLER	PARELLA
LGBTI	PERSOA LGBTI
HOMOSEXUAL	PERSOA GAI OU PERSOA LESBIANA
HERMAFRODITA	PERSOA INTERSEXUAL
PAIS	FAMILIA

AULAS AMABLES

Comunicación inclusiva

Recomendacións xerais:

→ Utilizar unha linguaxe inclusiva que non deshumanice, segregue, discrimine ou criminalice e que contribúa á eliminación de prexuízos sociais sobre as persoas LGTBI+. É preciso evitar o uso de termos denigrantes ou ofensivos que xeren burla e desprecio ou que atenten contra a dignidade das persoas LGTBI+.

→ Empregar con precisión os conceptos relacionados coa diversidade sexual, de xénero e familiar para evitar confusións, malentendidos e mensaxes erróneas. Coñecer e utilizar coidadosamente os conceptos de identidade e orientación.

AULAS AMABLES

→ Visibilizar á comunidade LGTBI+ (a través de carteis, mensaxes e anuncios, tantos polo centro como nas propias aulas).

Visibilizar ás mulleres e aos homes trans e **respectar o uso do sexo/xénero escollido**.

→ Dar visibilidade ás persoas LGTBI+ infrarrepresentadas. Incorporar as distintas realidades familiares, contribuíndo así ao desenvolvemento e á convivencia dende a infancia.

→ Utilizar unha linguaxe precisa e un tono neutro que non permita dobres lecturas.

→ Utilizar un trato amable e non indicar a condición de persoa LGTBI+ se non se require para comprender a mensaxe e/ou para a atención.

CONCLUSIÓN: ACTITUDES INCLUSIVAS

- Non temamos amosar a nosa inexperiencia sobre o tema na aula. **A sinceridade e a vontade de saber son positivas.**
- Intentemos familiarizarnos cos termos específicos que atañen ao colectivo LGBTI+. Se tes dúbidas ou te queres asegurar sobre algún termo, pregunta.
- Empreguemos unha linguaxe inclusiva.



CONCLUSIONES: ACTITUDES INCLUSIVAS

- Revisemos los “instrumentos” que empregamos (formularios, fichas, cuestionarios,...), para comprobar se consideran a diversidade sexual.
- **Minimicemos riscos** evitando basear a información que damos en suposicións.
- **Respectemos o dereito á identidade** (empreguemos o nome elexido, independentemente de que non apareza no expediente).



CONCLUSIONES: ACTITUDES INCLUSIVAS

- Reforcemos a importancia do non cuestionamento da identidade sentida.
- Non o reduzamos a que unicamente atañe a cuestións vinculadas coa “sexualidade”.
- Teñamos presente a posibilidade de recorrer a organismos de protección dos dereitos de menores se observamos maltrato pola súa orientación ou identidade de xénero.
- O “estrés das minorías” (Meyer, 2003) implica factores de risco propios, **coñezamos e teñamos en conta ese factor.**



SER DIFERENTES NO ES UN PROBLEMA



EL PROBLEMA ES SER TRATADO

DIFERENTE

NO MÁS DISCRIMINACIÓN



ESPAZOS INCLUSIVOS

ESPAZOS DE CONFIANZA

Os espazos educativos inclusivos son espazos **seguros e amables**, polo tanto espazos de confianza onde as persoas poden facer visibles as súas vulnerabilidades e relatar situacións que lles producen malestar nos ámbitos bio-psico-sociais.

Sendo así, temos que ser sensibles a estas realidades e ter recursos para atender de forma profesional estes feitos.



SITUACIONES DE VULNERABILIDADE

Os espazos educativos atenden de xeito integral o benestar da persoa. As persoas LGBTI+ poden verse inmersas en situacións de discriminación ou neglixencia debido a invisibilización ou prexuízos. É a nosa obriga como equipos docentes ofrecer unha atención que inclúa as accións necesarias para iniciar un proceso de restitución dos dereitos vulnerados.

Abordaremos as vulnerabilidades que seguen:

- Violencia ou neglixencia na familia de orixe
- Acoso escolar
- Saúde mental, autolesións e suicidio
- ITS
- Consumo de substancias
- Violencia na parella
- Outras formas de violencia



SITUACIONES DE VULNERABILIDADE

Violencia ou negligencia na familia de orixe

Pode incrementar o sentimento de inadecuación, vergoña e culpabilidade e terminar por vulnerar e limitar a capacidade de acción das persoas LGBTI, aumentando as posibilidades de ter comportamentos de risco. É importante estar ao tanto da situación na que se atopan as persoas menores e mozas ao respecto.

Acoso escolar

O acoso escolar supón un gran risco para a saúde: dana a autoestima e ameaza o desenvolvemento emocional, xera sufrimento, illamento e medo e pon en severo risco a integridade psicofísica de quenes o sofren (Coker et al., 2009; De Stéfano y Pichardo, 2016).

SITUACIONES DE VULNERABILIDADE

Saúde mental, autolesións e suicidio

As vulnerabilidades xerais poden verse agravadas polo estrés da minorización específico do colectivo LGBTI e interactuar con outros motivos de discriminación e/ou estigma como a clase, a etnia ou a relixión. Esta combinación entre variables individuais e sociais leva a que o risco de suicidio sexa moito maior entre adolescentes e a mocidade LGBTI (Saewyc, 2011; Muraco y Russell, 2011).

ITS

As prácticas sexuais das persoas LGBTI –debido a factores sociais como a estigmatización e a discriminación– pode incrementar a posibilidade de expoñerse a riscos sen sabelo debido á desinformación, aumentando –entre outras cousas– a súa desprotección fronte ás ITS.

SITUACIONES DE VULNERABILIDADE

Consumo de substancias

Os motivos para o consumo de substancias en persoas LGBTI poden ser os mesmos que para sus pares cis heterosexuais, pero que para as primeiras presenta maiores riscos debido os impactos personais e sociais asociados ao estrés da minorización.

Violencia na parella

Dada a invisibilidade (por falta de datos estatísticos) da posibilidade de que ás persoas LGBTI lles cueste aceptar que están vivindo unha situación de violencia; e, por outra parte, que o estigma, a discriminación e/ou o ocultamento da súa orientación sexual e/ou identidade dificulte a busca de axuda ou a denuncia desta situación.

SITUACIONES DE VULNERABILIDADE

Outras formas de violencia

A posibilidade de que as persoas LGBTI+ sufran outras formas de violencia que poden comprender desde a violencia verbal ou física na vía pública, ata formas de violencia expresadas por institucións da saúde, a xustiza, a seguridade pública e os ámbitos educativos.



RECOMENDACIONES

Unha vez coñecidas algunhas das situacións de vulnerabilidade na saúde das persoas LGBTI+, ofrecemos unha serie de **recomendacións** que poden favorecer a eliminación de barreiras e a creación de espazos de saúde máis inclusivos e amables.



RECOMENDACIONES

- Ter en conta a diversidade sexual como elemento transversal na aula. En moitos casos as dificultades presentadas están vinculadas con algunhas das situacións de vulnerabilidade antes descritas.
- Ter actualizados os protocolos, os recursos de derivación e as entidades de apoio vinculadas coa diversidade sexual.
- Manter contacto cos recursos existentes (saúde, sociais,...) para compartir e actualizar recursos.
- Facer as notificacións/denuncias oportunas nos organismos correspondentes.

GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

NOA TILVE CABADA

Psicóloga – Sexóloga

Tfno: 676818481

Correo: info@noatilve.com

